

Informe sobre os indicadores de actividade e de VEB do sector servizos


Datos correspondentes a xullo de 2025

Data de publicación: 19/09/2025

Principais resultados

- O indicador de actividade no sector servizos rexistra un crecemento interanual do 3,1% no mes de xullo.
- En España, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 4,7%.
- O persoal ocupado no sector servizos medra un 1% en Galicia e un 1,4% en España.

**Indicador de actividade do sector servizos. Cifra de negocios.
Taxa de variación interanual (%)**



Fonte: INE. Indicadores de actividad del sector servicios

1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

En xullo, o indicador de actividade no sector servizos en Galicia rexistra un crecemento interanual do 3,1%. Esta taxa é 5 décimas inferior á rexistrada no mes de xuño. En España, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 4,7%, taxa inferior en 1,7 puntos á do mes de xuño.

A facturación en "Comercio" aumenta o 2,6% e en "Outros servizos" o 4,7%. En España a facturación aumenta o 5,2% en "Comercio" e o 3,9% en "Outros servizos".

Índices de cifra de negocios. Xullo 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	No que vai de ano
Galicia			
Xeral	152,8	3,1	3,6
Comercio	154,5	2,6	3,0
Venta e reparación de vehículos de motor	150,9	0,5	-3,3
Comercio por xunto	160,8	2,7	4,0
Comercio ao retallo	138,0	3,3	2,8
Outros servizos	148,5	4,7	5,2
Transporte	148,2	3,2	3,2
Hostalería	221,5	9,2	6,9
Información e comunicacións	133,3	1,7	0,0
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	127,2	1,9	10,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	137,9	9,0	10,5
España			
Xeral	141,1	4,7	4,5
Comercio	134,8	5,2	4,4
Venta e reparación de vehículos de motor	156,9	12,3	7,0
Comercio por xunto	127,1	4,1	4,1
Comercio ao retallo	144,6	4,8	4,0
Outros servizos	152,7	3,9	4,7
Transporte	147,8	4,7	4,9
Hostalería	218,0	5,0	4,9
Información e comunicacións	127,2	2,5	2,8
Actividades inmobiliarias	131,0	-1,3	7,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	138,3	5,0	4,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	183,8	4,0	4,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Nas actividades comerciais, incrementase a cifra de negocios de "Venta e reparación de vehículos de motor" (0,5%), "Comercio por xunto" (2,7%) e "Comercio ao retallo" (3,3%). A

nivel nacional, tamén aumenta a cifra de negocios nos tres sectores: en "Venta e reparación de vehículos de motor" o 12,3%, en "Comercio por xunto" o 4,1% e en "Comercio ao retalho" o 4,8%.

En "Outros servizos", o maior crecemento rexístrase en "Hostalería" (9,2%) e "Actividades administrativas e servizos auxiliares" (9%). En España, os maiores incrementos prodúcense en "Hostalería" (5%) e "Actividades profesionais, científicas e técnicas" (5%).


1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice crece o 4,5% en xullo.

Os sectores con maiores incrementos son "Hostalería" (8,4%) "e Actividades administrativas e servizos auxiliares" (7,3%).

1.3 Datos corrixidos de efectos de calendario

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de efectos de calendario segundo o método de ponderación. O índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 3,1% respecto ao mes de xullo do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 4,5%.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

A cifra de negocios aumenta en todas as comunidades autónomas no mes de xullo respecto ao mesmo mes de 2024. Canarias (8,7%), Extremadura (8,5%) e Illas Baleares (8,3%) rexistran os maiores incrementos da facturación. Pola contra, os menores crecementos rexístranse en Galicia (3,1%), Comunidade Valenciana (3,2%) e Cataluña (3,2%).

Índices de cifra de negocios. Xullo 2025

Taxas de variación (%)



Fonte: INE. Indicadores de actividad del sector servicios


2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1% respecto a xullo de 2024 e un 1,4% en España.

O persoal ocupado crece un 0,6% no "Comercio" e un 1,3% en "Outros servizos". O sector con maior incremento é "Transporte" (3,8%).

En España, o persoal ocupado aumenta un 1,6% en "Comercio" e un 1,4% en "Outros servizos". Os maiores crecementos rexístranse en "Transporte" (2,3%) e "Actividades administrativas e servizos auxiliares" (2,1%).




Fonte: INE. Indicadores de actividad del sector servicios

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

O emprego no sector servizos increméntase en todas as comunidades autónomas no mes de xullo. As comunidades con maiores aumentos do persoal ocupado son Illas Baleares (3,4%) e Navarra (3,1%). Os menores crecementos rexístranse en Andalucía (0,1%) e Extremadura (0,2%).

Índices de persoal ocupado. Xullo 2025

Taxas de variación (%)



Fonte: INE. Indicadores de actividad del sector servicios

Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.